



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE OUTUBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/318/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA. CASTELAO, 2.- Conceder licenza para a instalación de rampla exterior no edificio situado na Avda. de Castelao nº 2.

LIC/704/2018.- CARLOS BARROS SENIN.- Conceder licenza para obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar adousada na rúa Varela Montes, 5.

LAP/178/2017.- ISABEL ARGUNDEY FERRER.- Conceder licenza de obras para a reforma e rehabilitación no inmovible situado na rúa Nova, 44.

LIC/818/2019.- PROMOSAN GALICIA, S. L.- Conceder licenza para a demolición dun edificio situado na rúa Cancelas (das), 58.

LIC/1121/2019.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CONCHEIROS 37.- Conceder licenza de obras para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Concheiros (dos), 37.

LIC/674/2015.- RAIMUNDO ADOLFO GARCÍA TEMES.- Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Santa Marta de Abaixo, 16 A.

LIC/763/2019.- UNION HOTELERA GALLEGA, S. A.- Conceder licenza de obras para a construción dun edificio de tres sotos, pranta baixa e dez prantas para aparcamentos, usos terciarios e vivendas nas parcelas PR1, PR2, PR3, PR4 E PR11A do polígono 2 do SUP-3 Pontepedriña, na Avda. Antonio Fraguas.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a instalación de rampla exterior no edificio situado na Avda. de Castelao nº 2. LIC/318/2018. Apróbase a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar adousada na rúa Varela Montes, 5. LIC/704/2018. Apróbase a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para a reforma e rehabilitación no inmovible situado na rúa Nova, 44. LAP/178/2017. Apróbase a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a demolición dun edificio situado na rúa Cancelas (das), 58. LIC/818/2019. Apróbase a licenza.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Concheiros (dos), 37. LIC/1121/2019. Apróbase a licenza.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Santa Marta de Abaixo, 16 A. LIC/674/2015. Apróbase a licenza.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para a construción dun edificio de tres sotos, pranta baixa e dez prantas para aparcamentos, usos terciarios e vivendas nas parcelas PR1, PR2, PR3, PR4 e

PR11A do polígono 2 do SUP-3 Pontepedriña, na Avda. Antón Fraguas. LIC/763/2019. Apróbase a licenza. Apróbase a licenza.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle da parcela I4a02 do Parque Empresarial da Sionlla. (PLA/10/2019).

Apróbase inicialmente o estudo de detalle, que se someterá a información pública polo prazo dun mes.

10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Casco Histórico relativa á aprobación inicial do Plan parcial de ordenación do SUND-8 (Monte Vidán).

Apróbase inicialmente o Plan parcial de ordenación do SUND-8 (Monte Vidán), promovido por iniciativa particular de Santiago Sur Galicia SL e elaborado polo arquitecto Manuel Gallego Jorreto. Sométese a información pública polo prazo de dous meses.

11.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á modificación da clasificación recollida no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de "Execución das obras definidas no proxecto modificado denominado "REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR". Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020"; e ampliación do prazo da presentación de ofertas.

Con data 1 de outubro, a XGL acordou aprobar o expediente de "Execución das obras definidas no proxecto modificado denominado "REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR" e para participar na devandita licitación estableceuse como requisito de solvencia técnica a esixencia dunha clasificación que deberían posuír os interesados. Publicado o anuncio de licitación, e ante as consultas formuladas, revisouse a clasificación fixada, detectándose un erro na mesma. Por este motivo, modifícase a devandita clasificación, que queda de tal xeito: "Grupo G, subgrupo 4, categoría 4"; e amplíase o prazo de presentación de ofertas en quince días, que pasaría a rematar o 19 de novembro.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á autorización da transmisión de licenza de taxi número 11 a favor de dona MANUELA SÁNCHEZ CERVIÑO, por falecemento do seu cónxuxe, don JOSÉ BREA RIOS, titular legal da mesma.

Autorízase a transmisión.

13.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, Contratación e Modernización da Administración Local relativa á adxudicación do contrato de "Prestación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de ingresos, padrón de habitantes e notificacións do Concello de Santiago de Compostela"-

Adxudícase a prestación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de ingresos, padrón de habitantes e notificacións do Concello á empresa T SYSTEMS ITC IBERIA SAU por importe de 31.123,46 euros máis IVE (anualidade 2019: 12.381,17 euros; anualidade 2020: 25.278,22 euros)

14.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, Contratación e Modernización da Administración Local relativa ao desistimento do expediente de licitación do "Servizo posta en marcha dos orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE para o ano 2020".

Apróbase a proposta de desistimento e libérase o crédito correspondente: 78.664,38 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, Contratación e Modernización da Administración Local relativa ao rexeitamento dunha oferta presentada e á adxudicación do contrato de "Subministro e implantación dunha ampliación da infraestrutura de servidores para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020".

Rexéitase a oferta presentada por unha empresa por incumprimento dun requisito esencial do prego e adxudícase o contrato á empresa COREMAIN SL por un importe de 119.799,65 euros máis IVE.

16.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Contratación relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras de "Cuberta da pista polideportiva de Verdía. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018".

Autorízase o inicio dos trámites para proceder á recepción das obras, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada a

recepción, deberá comunicar á Intervención lugar e hora para concorrer ao acto. A empresa deberá achegar a documentación correspondente.

17.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Contratación relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción parcial das obras de "Reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro - FASE I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020".

Autorízase o inicio dos trámites para proceder á recepción parcial das obras, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada a recepción, deberá comunicar á Intervención lugar e hora para concorrer ao acto. A empresa deberá achegar a documentación correspondente.

18.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para o desenvolvemento de proxectos de prevención de conductas adictivas promovidos polos concellos.

Acórdase solicitar á Xunta de Galicia unha subvención por importe de 271.000 euros.

19.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Apróbbase a proposta.

20.- Proposta da alcaldía relativa á convalidación de gastos de contratos menores por razón da contía.

Apróbbase a proposta.

21.- Proposta da alcaldía relativa ao traspaso das casetas da Praza de Abastos números NC199 e NC200, da titularidade de dona MARÍA DEL CARMEN ROCHA SÁNCHEZ, a favor de don JOSÉ BERMÚDEZ OUTÓN.

Apróbbase o traspaso.

22.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e COGAMI para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2019.

Apróbbase o devandito convenio por importe de 15.000 euros para a posta en marcha dun programa de emprego.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á aprobación dos prezos públicos das actividades regulares da rede de centros socioculturais para o período de outubro a decembro de 2019.

Apróbanse os prezos reducidos e públicos relativos ás actividades regulares e estables da rede de centros socioculturais do período outubro-décembro 2019 e dáse conta da programación.

24.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e o OBRADOIRO CLUB AMIGOS DE BALONCESTO SAD.

Apróbbase o devandito convenio por importe de 120.000 euros.

25.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e o CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA.

Apróbbase o devandito convenio por importe de 65.000 euros.

26.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e a REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FUTBOL.

Apróbbase o devandito convenio por importe de 30.000 euros.

27.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e o CLUB ESCUDERIA SANTIAGO para o ralie Botafumeiro.

Apróbbase o devandito convenio por importe de 30.000 euros.

28.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e a FEDERACION GALEGA DE CICLISMO.

Apróbbase o devandito convenio por importe de 12.000 euros.

29.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e a FEDERACION ESPAÑOLA DE LUCHAS OLIMPICAS Y D.A.

Apróbase o devandito convenio por importe de 1.500 euros.

30.- Poposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e o CLUB ATLETISMO SANTIAGO.

Apróbase o devandito convenio por importe de 9.000 euros.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleiro de Educación relativa á aprobación do texto do convenio nominativo entre o Concello e o IES Rosalía de Castro para o financiamento do Bacharelato Internacional, ano 2019.

Apróbase o convenio por importe de 6.208 euros.

2.- Proposta do concelleiro de Medio Rural relativa a dar un novo trámite de audiencia á empresa contratista das obras de reparación da rúa Escarabuñas e anexos, por mor da resolución do contrato.

Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro de Medio Rural relativa a dar un novo trámite de audiencia á empresa contratista das obras de reparación da rúa Pedreira e anexos, por mor da resolución do contrato.

Apróbase a proposta.